

**PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MEIXONFRIO-SALGUEIRIÑOS**

**1.- OBXECTO**

**2.- DEFINICIÓE CARÁCTERÍSTICAS DO SERVIZO**

- 2.1. Obxectivos do servizo
- 2.2. Oferta de prazas
- 2.3. Capacidade/unidades
- 2.4. Horario do servizo
- 2.5. Organización e aspectos pedagóxicos do servizo

**3.- RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS**

**3.1.- PERSOAL DO SERVIZO**

**3.2.- RECURSOS MATERIAIS**

**4. PUBLICIDADE E COMUNICACIÓNS**

**5. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

**6. PRAZO DE EXECUCIÓE DO SERVIZO**

**7. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO**

**8. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DO SERVIZO POLO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓE**

**9. ACHEGA DE DOCUMENTACIÓE**

**10.- NORMATIVA DE APLICACIÓE**

## 1.- OBXECTO

O Concello de Santiago de Compostela é titular dun inmoible situado na Rúa Lavadoiro de Salgueiriños, destinado á prestación do Servizo Público de Escola Infantil. Esta escola infantil forma parte da Rede de Escolas infantis municipais do concello de Santiago de Compostela.

O obxecto deste prego é determinar as normas de xestión e funcionamento do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños que se prestará no citado inmoible. As prestacións obxecto deste contrato axustaranse ás determinacións dos Pregos Técnico e Administrativo, aos Regulamentos e instrucións que poda ditar o concello de Santiago e, á normativa que sexa de aplicación.

## 2.- DEFINIÇÃO E CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

A escola infantil é a modalidade educativa formal recoñecida pola LOE (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación), que promove o carácter plenamente educativo do primeiro ciclo de Educación Infantil, o cal debe ofrecer un conxunto de experiencias educativas que promovan o desenvolvemento harmónico dos nenos e das nenas de 0 a 3 anos en todas as súas capacidades.

Con todo, a escola infantil non suplanta a función educadora da familia, senón que colabora con ela para lograr o benestar do neno/a nos ámbitos afectivos, cognitivos, motrices e relacionais. Por iso, traballarase na adquisición das primeiras aprendizaxes e hábitos cotiás de hixiene e alimentación, así como a autonomía persoal do neno/a.

Ao mesmo tempo, a escola infantil ten unha función socializadora dos nenos/as, ofrecéndolles unha contorna segura e acolledora para a interacción con outros nenos/as e outros adultos.

A escola infantil deberá facer posible, así mesmo, o equilibrio de probables desigualdades dos nenos/as, tanto as propias derivadas das circunstancias das súas familias como da contorna onde se desenvolven.

A empresa cumprirá cantos acordos, convenios, etc, asine o Concello de Santiago de Compostela en calquera aspecto que teña que ver co modelo de escola infantil, sempre que non supoña un custe adicional para o/a adxudicatario.

Os cambios na normativa vixente serán de obrigado cumprimento para a empresa adxudicataria, aínda que supoñan un custo adicional sempre e cando non alteren o equilibrio económico financeiro do servizo.

A empresa prestará diariamente o servizo de comedor (almorzo, xantar, merenda) segundo o horario de asistencia do alumno/a de que se trate.

Colaborará cos programas que desenvolva e nos que participe o Concello de Santiago de Compostela, referidos ao obxecto do contrato e aos usuarios/as do centro.

### 2.1.- Obxectivos do Servizo:

O adxudicatario, ao xestionar estes servizos, velará por cumprir os obxectivos xerais seguintes:

#### Obxectivos xerais da escola:

- Organizar o coidado e a educación dos nenos/as no seo dun grupo co fin de contribuír ao seu benestar e ao seu proceso evolutivo.
- Estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, físicas, afectivas, intelectuais e sociais dos/as nenos/as.
- Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar mediante a súa garda e custodia.
- Desenvolver a linguaxe como centro da aprendizaxe.
- Potenciar o coñecemento e o control progresivo do seu propio corpo.
- Potenciar o xogo e o movemento.
- Favorecer o descubrimento do entorno e a convivencia cos demais.



- Estimular o desenvolvemento das súas capacidades sensoriais.
- Estimular o desenvolvemento e o equilibrio da súa afectividade.
- Adquirir hábitos de vida saudable que constitúan o principio dunha axeitada formación para a saúde.
- Xerar un clima de seguridade, afecto e relacións positivas, na que os nenos/as experimenten confianza e estabilidade emocional.
- Crear ambientes, espazos e mobiliarios que promovan as actividades e sentido estético, axeitados ao nivel de desenvolvemento, ás necesidades e aos intereses das nenas/os.
- Desenvolver actividades formativas co persoal da escola e coas familias en materia de coeducación, igualdade de xénero, de non discriminación por razóns de sexo, raza e relixión.
- Potenciar o uso de xoguetes sen adscrición en función do sexo.
- Utilizar unha metodoloxía de traballo globalizadora, integradora e participativa na que se promova a iniciativa e a creatividade

#### Respecto dos nenos/as:

- Proporcionar aos nenos/as un marco de actividades que permitan o progresivo descubrimento e crecemento persoal.
- Posibilitar a relación cos outros nenos/as e a adquisición de valores, hábitos e pautas de conduta que favorezan a súa autonomía persoal e a integración na sociedade.
- Dar resposta ás necesidades educativas especiais dos nenos/as.

#### Respecto das familias:

- Complementar o contexto educativo familiar, potenciando o desenvolvemento xeral dos nenos/as e axudando aos pais e nais na adquisición de habilidades e recursos para afrontar as novas situacións.
- Crear uns espazos de orientación educativa que faciliten a observación e resolución de situacións derivadas da evolución e educación dos fillos e potenciando o traballo preventivo.

#### Respecto ao territorio:

- Integrar canto máis mellor todos os servizos da poboación que interveñen na pequena infancia para promover a colaboración interprofesional nas intervencións nesta etapa.
- Formar parte de redes municipais e intermunicipais de servizos de atención á pequena infancia para compartir experiencias e traballar conxuntamente.

#### **2.2.- Oferta de prazas:**

O Centro ten unha capacidade máxima de 123 alumnos/as, en presenza simultánea.

#### **2.3.- Capacidade/ unidades**

<b>Núm unidades</b>	<b>9</b>	<b>Alumnado 123</b>
<b>Tramo de idades</b>		<b>Capacidade máxima</b>
Núm. Unidades 0-1	3	8 (24)
Núm. Unidades 1-2	3	13 (39)
Núm. Unidades 2-3	3	20 por unidade ( 60)

Os usuarios/as do centro deberán estar empadroados en Santiago de Compostela.

#### **2.4.- Horario do servizo:**

Sen prexuízo do que poda determinar o Regulamento de Réxime Interno ou nos acordos que poda tomar o concello de Santiago de Compostela sobre os horarios, inicialmente o centro prestará servizo, como mínimo, cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, en horario de 7.30 a 20.30 horas.

A Escola Infantil ofrecerá servizo de comedor para todos os nenos e nenas escolarizados no centro; este servizo incluía o almorzo, o xantar e a merenda.

Realizaranse actividades complementarias de carácter educativo e lúdico fóra dos períodos lectivos establecidos no calendario escolar, dirixidas tanto ao alumnado do centro como a outros nenos/as de idades comprendidas entre 0 e 8 anos e ás súas familias.

O Concello de Santiago de Compostela, de acordo coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, á vista da demanda existente, poderá variar a distribución das unidades e agrupacións, sen que isto dea lugar a unha modificación do contrato.

#### **2.5.- Organización e aspectos pedagóxicos do Servizo**

O adxudicatario garantirá os aspectos organizativos e pedagóxicos que se relacionan a continuación:

1. **Proxecto Educativo de Centro (PEC).** A escola infantil municipal disporá dun Proxecto Educativo de Centro (PEC) que se fundamente nunha visión educativa global, pluralista e integradora, de convivencia na diversidade e que garanta unha educación que permita crecer e desenvolverse como persoas, adquirindo e respectando os valores e as normas de convivencia; que reforce a autonomía, a comprensión, o crecemento e a maduración dos nenos/as; que parta da contorna social e cultural no que se sitúa utilizando o galego como lingua vehicular de comunicación coas familias e os nenos/as.

O PEC definirá e contemplará como obxectivos pedagóxicos e de funcionamento, como mínimo, os seguintes:

- O desenvolvemento global do neno/a en cada etapa, tendo en conta a diversidade e a maduración de cada neno/a. O adxudicatario especificará as súas formulacións con respecto ao tratamento da diversidade do seu alumnado.
- O PEC incluírá o proxecto lingüístico do centro co máximo detalle.
- A relación entre os educadores/as-nenos/as-familias. Esta relación deberá favorecer o desenvolvemento dos nenos/as, a través da observación e do coñecemento do contexto físico, familiar e de relación coa súa contorna. Favorecer a comunicación coas familias para detectar e/ou consolidar aspectos relacionados coa maduración do neno/a, complementando o labor educativo da familia.
- As festas populares e tradicionais propias de Galicia, da contorna sociocultural, como elemento integrador.
- O período de adaptación dos nenos/as, establecendo os mecanismos que o favorezan.
- A educación para a igualdade de xénero, non sexista, non discriminatoria e integradora. Tamén deberá contemplar o seu carácter aconfesional, respectando as diversas relixións e culturas.
- O servizo de comedor nos seus aspectos educativos tamén deberá incluírse dentro do PEC para todos aqueles nenos/as que o utilicen.



O adxudicatario elaborará o PEC tendo como referencia as características do servizo descritas polo Concello de Santiago e presentaráo ao Departamento municipal de Educación.

**2. Programación xeral do curso.** Unha vez constituído o equipo educativo, establecerase a programación do curso, que no marco de desenvolvemento curricular prevé a organización do terceiro nivel de concreción en unidades de programación.

**3. Atención ao alumnado.** O centro especificará a súa formulación con respecto ao tratamento da diversidade do seu alumnado, e tamén indicará, coa máxima concreción, o modelo de atención dos alumnos/as con necesidades educativas especiais (NEE).

**4. Regulamento de Réxime Interno.** O adxudicatario garantirá o cumprimento do Regulamento que estea vixente en cada momento.

**5. Organización do persoal.** O adxudicatario presentará no plan anual a organización do persoal e a súa distribución horaria. Cada curso adaptará a organización horaria do persoal de acordo coas necesidades do servizo.

**6. Plan Anual de Centro.** O adxudicatario elaborará e presentará para cada curso escolar un Plan Anual de Centro (PAC) que inclúa todos os servizos no marco do Proxecto Educativo e Curricular, que será presentado ao Departamento de Educación do Concello de Santiago.

**7. Atención á familia.** Contemplarase unha reunión cos pais e nais de cada nivel, como mínimo unha vez por trimestre, co educador/a para falar do funcionamento da Escola infantil e as particularidades de cada grupo. Tamén se contemplarán as entrevistas individualizadas do educador/a con cada familia.

O adxudicatario garantirá un sistema de comunicación diaria coa familia mediante o caderno de seguimento ou folla diaria, para informarlles de calquera feito salientable ou incidencia, e tamén para recibir comentarios ou indicacións dos pais e nais e/ou titores.

**8.** Promoverase e facilitarase a **participación dos pais e nais**, xa sexa creando unha Xunta de Pais e Nais que actúe con funcións equivalentes ás das ANPA dos CEIP e dos IES ou calquera outra fórmula participativa previamente autorizada polo concello de Santiago.

**9. Xestión da preinscrición e admisión de alumnado** na escola infantil. A admisión do alumnado regúlase de acordo coa lexislación autonómica de aplicación para este tipo de centros, así como pola resolución que anualmente aproba a Xunta de Goberno Local, a proposta do Departamento de Educación do concello de Santiago para cada curso escolar, ou á normativa posterior que para ese efecto poida aprobarse neste ámbito.

**10.** O adxudicatario realizará a xestión da preinscrición e matriculación co visto e prace do Departamento de Educación do Concello, seguindo os criterios fixados por éste e pola normativa que sexa de aplicación. A persoa que realice labores de Dirección da Escola infantil participará na Comisión de baremación.

**11.** O Director/a participará nas reunións de coordinación con outros servizos de atención á pequena infancia a nivel local e tamén participará nas redes municipais e/ou intermunicipais de servizos para compartir experiencias e traballar conxuntamente no impulso e no desenvolvemento dos servizos.

**12.** O período de apertura da Escola infantil será de doce meses ao ano, funcionando con horario ordinario de setembro a xuño e con horario adaptado de verán, nos meses de xullo e agosto.

Dado que na normativa autonómica se prevé un mes de vacacións para os nenos/as que asisten ás escolas infantís, e o mes de agosto é o máis utilizado polas familias para as súas vacacións, a Escola pechará durante o mes de agosto. Agora ben, atendendo ás necesidades de conciliación laboral, familiar e persoal, o Concello de Santiago de Compostela contempla a posibilidade, con carácter rotatorio entre as escolas municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, de manter aberta durante este mes algún dos equipamentos, sempre e



cando exista unha demanda igual ou superior a 15 nenos/as entre a poboación infantil matriculada nestas escolas que necesiten deste servizo.

Nestes supostos a familia deberá xustificar por motivos laborais de ambos os dous proxenitores ou enfermidades graves, a necesidade de levar ao neno/a ao centro durante o citado período.

O alumnado poderá asistir un máximo de once meses no período de setembro a xullo. En casos excepcionais debidamente xustificadas poderase admitir a asistencia do neno ou da nena durante os 12 meses do ano; nestas circunstancias a familia formulará unha solicitude que será estudada e, se procede, autorizada polo Concello de Santiago.

O Concello de Santiago fixará os períodos lectivos, non lectivos, de vacacións e festas diversas, no marco da normativa da Xunta de Galicia.

### 3.- RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

#### 3.1. PERSOAL DO SERVIZO.

A empresa adxudicataria deberá dispoñer en todo momento de persoal suficiente para a prestación do servizo. Axustándose ao que se estableza neste prego de condicións e ao disposto na normativa vixente.

Como mínimo disporá do seguinte persoal:

**13 Persoas como persoal de atención**, dedicado a funcións educativas e de atención directa aos/ás nenos/as que deberán estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía.
- Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- Técnico superior en educación infantil ou equivalente.

Existirá unha dirección pedagóxica do centro que poderá recaer nalgún dos membros do persoal coa titulación de licenciado/a ou mestre/a especialista en educación infantil.

**4 Persoas como persoal de apoio** á atención e coidado dos/das nenos/as que deberán estar en posesión dalgunha das titulacións anteriores ou das seguintes titulacións:

- Técnico en atención sociosanitaria,
- Técnico superior en animación sociocultural,
- Técnico en coidados auxiliares de enfermaría,
- Diplomado/a en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade, ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

#### **2 Persoal de servizos:**

Un cocifeiro/a que deberá poseer algún dos seguintes requisitos:

- F.P. de 2o Grao. Rama de Hostelería e Turismo, especialidade Cocifeira.
- Ciclo Formativo de Grao Medio, Familia Hostelería ou equivalente.
- Tres anos de experiencia profesional acreditada, como Cocifeiro/a, en dita categoría.

Outro persoal de servizos que se considere necesario para garantir os servizos de cocifeira, limpeza, administración, conserxería e mantemento.

Polo menos o 50% do persoal deberá estar contratado a xornada completa. O persoal que oferte o contratista deberá ser suficiente para cubrir en todo momento a totalidade dos horarios e servizos incluídos no seu proxecto de xestión.

O persoal contratado polo/a adxudicatario/a do servizo estará en posesión da titulación correspondente.

En caso de comportamento indebido, faltas graves, moi graves, faltas leves reiteradas ou incumprimento dos labores a desenvolver polo persoal, o concello poderá esixir a substitución de dito persoal, que deberá ser atendida polo adxudicatario.

Todo o persoal relacionado cos alimentos deberá estar en posesión da autorización necesaria da Comunidade Autónoma Galega para a manipulación de alimentos.

O persoal contratado deberá acreditar que conta coa certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais de acordo co establecido na Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE nº 180, 29 de xullo de 2015), e no Real Decreto 1110/2015 de 11 de decembro, polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (BOE nº 312, de 30 de decembro de 2015).

O persoal que preste servizo na escola infantil, en calquera das funcións, terá que estar cualificado para realizar o seu traballo en lingua galega.

O adxudicatario deberá proporcionarlle ao persoal adscrito ao servizo unha indumentaria de traballo que lles facilite a tarefa diaria, contribúa a manter as condicións hixiénicas do centro e identifique ao equipo educativo. Na indumentaria de traballo só poderá aparecer o nome da escola infantil e o logotipo do departamento de educación do concello de Santiago. O custe destas prendas será por conta do adxudicatario.

A empresa adxudicataria deberá poñer en coñecemento do Concello de Santiago de Compostela as variacións que experimente o persoal afecto ao servizo nun prazo máximo de quince días, ao longo do contrato cada vez que se produza esa situación. Deberá manter o mesmo persoal ao longo de todo o curso e, dun curso para outro só se poderá modificar menos da metade do cadro. En todo caso, calquera substitución ou baixa deberá contar cunha xustificación motivada e non poderá realizarse o cambio sen autorización previa do concello de Santiago.

A contratación do persoal necesario por parte da empresa adxudicataria poderá realizarse por calquera das modalidades previstas na normativa laboral e nos convenios vixentes nos respectivos sectores de actividade.

Todo o persoal que execute as prestacións dependerá unicamente e exclusivamente do adxudicatario a todos os efectos, sen que entre este e o Concello exista ningúnha vinculación de dependencia funcional nin laboral. A estes efectos e nun prazo máximo de cinco días dende o inicio do servizo, o adxudicatario comunicará por escrito os nomes das persoas concretas que executarán as prestacións, debendo acreditar a súa afiliación e situación de alta na seguridade social e a titulación académica.


A empresa adxudicataria participará no proceso de matrícula, facéndose cargo daqueles procedementos que se indiquen oportunamente polo Concello a través do Servizo Municipal de Educación.

### 3.2. RECURSOS MATERIAIS

O Concello de Santiago proporciona as instalacións necesarias do inmovible que se especifica, habilitadas para o correcto funcionamento do servizo.

	SUP.
<b>Área de acceso e administración</b>	
Acceso e zona de carros	23,46 m <sup>2</sup>
Vestíbulo	12,01 m <sup>2</sup>
Recepción	14,44 m <sup>2</sup>
Paso baño profesores	2,38 m <sup>2</sup>
Baño profesores	3,16 m <sup>2</sup>
Despacho de dirección	27,29 m <sup>2</sup>
Patio interior zona de xogos	168,51 m <sup>2</sup>
Patio interior-comedor	49,80 m <sup>2</sup>
<b>Aulas</b>	
Aula 1 (2-3 anos)	43,91 m <sup>2</sup>
Baño aulas 1 e 2	9,38 m <sup>2</sup>
Aula 2 (2-3 anos)	43,91 m <sup>2</sup>
Paso 1 aulas 1 e 2	3,70 m <sup>2</sup>
Paso 2, aulas 1 e 2	3,76 m <sup>2</sup>
Aula 3 (2-3 anos)	43,91 m <sup>2</sup>
Baño aulas 2 e 3	9,25 m <sup>2</sup>
Aula 4 (1-2 anos)	33,25 m <sup>2</sup>
Paso 1 aulas 3 e 4	3,91 m <sup>2</sup>
Paso 2, aulas 3 e 4	3,43 m <sup>2</sup>
Área de descanso 1 (dormitorio)	22,23 m <sup>2</sup>
Aula 5 (1-2 anos)	33,08 m <sup>2</sup>
Baño aulas 5-6	9,25 m <sup>2</sup>
Aula 6 (1-2 anos)	33,08 m <sup>2</sup>
Paso 1 aulas 5-6	3,81 m <sup>2</sup>
Paso 2, aulas 5-6	3,53 m <sup>2</sup>
Área de descanso 2 (dormitorio)	22,23 m <sup>2</sup>
Aula 7 (0-1 anos)	22,52 m <sup>2</sup>
Baño aulas 7-8	9,25 m <sup>2</sup>
Aula 8 (0-1 anos)	20,87 m <sup>2</sup>
Paso 1 aulas 7-8	3,92 m <sup>2</sup>
Paso 2, aulas 7-8	3,38 m <sup>2</sup>





**CONCELLO DE SANTIAGO**

Departamento de  
Educación e Cidadanía



Aula 9 (0-1 anos)	22,62 m <sup>2</sup>
Baño aula 9	9,25 m <sup>2</sup>
Paso 1 aula 9	2,94 m <sup>2</sup>
Paso 2, aula 9	2,40 m <sup>2</sup>
Área de descanso 2 (dormitorio)	22,23 m <sup>2</sup>
<b>Área de servizo</b>	
Cociña	19,85 m <sup>2</sup>
Sala de neveira	5,80 m <sup>2</sup>
Lavandería	6,00 m <sup>2</sup>
Almacén	21,03 m <sup>2</sup>
Cuarto de caldeiras	12,16 m <sup>2</sup>
Distribuidor	122,61 m <sup>2</sup>
Vestiaros masculinos	11,80 m <sup>2</sup>
Vestiaros femeninos	11,02 m <sup>2</sup>
<b>Sup. Útil total escola infantil</b>	<b>956,32 m<sup>2</sup></b>
<b>Superficie construída</b>	<b>1.054,45 m<sup>2</sup></b>
<b>Superficie patio exterior de xogos</b>	<b>1.345,00 m<sup>2</sup></b>

A empresa concorrente á adxudicación deberá informar no seu proxecto educativo os medios materiais que achegará de forma gratuíta e indicará cales serán as achegas das familias (se é o caso), respecto dos materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral a actividade diaria na escola (libros, axendas, CD, material de papelería, mandilóns, bibeiros, fichas,...), debendo efectuar unha previsión de custe por nenos/as e o sistema previsto para a súa adquisición (a través ou non da propia empresa concorrente).

### **Materiais, mobiliario e equipamento didáctico**

O Concello achega unha dotación de mobiliario e equipamento para o desenvolvemento da actividade, que se especifica no **Anexo I**, correspondéndolle á empresa adxudicataria completala para executar as actividades propostas no proxecto.

A titularidade das dependencias adscritas ó servizo seguirá sendo municipal.

Todos os bens adscritos ó servizo, xa sexan os actuais ou ben os de posterior adquisición, revertirán no concello de Santiago á finalización do contrato en perfecto estado de conservación e funcionamento, de forma que o adxudicatario reparará ou reporá os bens inmoebles e mobles. O adxudicatario deberá garantir a mesma calidade do produto e a súa adaptación á normativa para este tipo de centros.

O concello de Santiago (a través do Departamento de Educación), como titular do edificio, resérvase o dereito de uso dos espazos do centro, fóra dos horarios educativos, no caso dos espazos adscritos á escola infantil e en calquera horario o espazo adscrito aos servizos familiares, previa coordinación coa dirección do centro.

O adxudicatario, en caso de reparación ou reposición dos bens mobles terá que garantir a mesma calidade do produto no prazo máis breve posible.

O persoal adscrito ao servizo responderá do bo uso das instalacións, dos equipamentos e do material educativo cedido polo Concello de Santiago, correspondéndolle á empresa adxudicataria asumir aqueles gastos non imputados neste prego ao Concello de Santiago de Compostela.

**Correrán por conta do Concello os gastos que se detallan a seguir, polos seguintes conceptos:**

- 3.2.1. Obras de reforma, ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo do inmovible.
- 3.2.2. Obras de reparación necesarias para arranxar un dano producido no inmovible por causas fortuítas ou accidentais, cando afecten fundamentalmente á estrutura ou ao funcionamento do servizo.
- 3.2.3. Gastos das actividades de carácter xeral que teñan que ver coa promoción ou difusión da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños.

#### **4.- PUBLICIDADE E COMUNICACIÓNS**

Toda a comunicación, oral e escrita, que se derive do obxecto deste contrato, dirixida a esta Administración ou a calquera outra entidade ou persoa, deberá realizarse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na Administración municipal de Santiago de Compostela, especialmente no seu artigo 8.

Na publicidade de calqueira tipo que se realice por conta do adxudicatario, en relación coa escola infantil municipal de Meixónfrío-Salgueiriños, deberá constar sempre o seu carácter municipal, deberá contar coa autorización expresa dos técnicos municipais de Educación, que deberán dar a súa conformidade tanto ao deseño como aos textos da mesma. Tamén deberán autorizarse todos os diferentes elementos de papelería (follas con encabezamiento, sobres, tarxetóns, tarxetas, etc...) así como as posibles páxinas web e blog que se xeneren relativas a este servizo.

En todos os casos deberán figurar o logotipo do Departamento de Educación do concello de Santiago de Compostela.

#### **5.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

O adxudicatario e o seu persoal deberán manter a confidencialidade dos datos que lles sexan facilitados en execución das condicións previstas, non podendo utilizalos máis que para as finalidades estritas que se deriven do cumprimento do obxecto deste contrato, nin os comunicará ou cederá a ningunha entidade, empresa ou persoa diferente da persoa interesada, sen a expresa autorización do órgano competente do Concello.

A empresa adxudicataria deberá recoller, informatizar, analizar e custodiar todos os datos referidos aos membros das familias garantindo en todo momento a confidencialidade e o dereito á intimidade dos mesmos.

O adxudicatario, como encargado do tratamento dos datos, adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos, sistemas e equipos que interveñan no tratamento dos datos de carácter persoal, de acordo coas Prescricións da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Terá en conta en todo momento que os pais/nais ou titores teñan autorizado, mediante formulario distribuído ao efecto entre os participantes, o uso de imaxes e fotografías dos mesmos.

Aportará unha memoria descritiva das medidas que adoptará para asegurar a confidencialidade dos datos manexados e da documentación facilitada. Así mesmo deberá comunicar ao órgano de contratación, transcorridos sete días dende a sinatura do contrato, a persoa que será directamente responsable da posta en práctica das medidas de seguridade, adxuntando o seu perfil profesional.

A empresa está obrigada a manter a máis absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que se lle dera a coñecer con ocasión do cumprimento do contrato. Nin a empresa nin os empregados poderán darlle ningún outro uso aos datos obtidos que non sexan os especificados nos pregos de condicións. Cumprirase en

todo momento e de forma estrita coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e as medidas de seguridade dos ficheiro informatizados.

## 6.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO SERVIZO

O contrato terá unha duración inicial de 2 anos, a contar desde a data da súa formalización.

O contrato poderá prorrogarse mediante mutuo acordo das partes expresado antes da finalización da vixencia inicial, ata un máximo de 2 anos mais, segundo o establecido no Prego de cláusulas administrativas.

O contrato poderá extinguirse de forma anticipada se a aprobación de novas normas lexislativas ou regulamentarias afectara ás obrigas municipais en relación co servizo de primeiro ciclo de educación infantil, sen que con iso poida derivarse ningún tipo de responsabilidade ou deber de indemnización por parte do concello ao adxudicatario pola extinción do contrato.

## 7.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Son obrigas do adxudicatario, as seguintes:

1. Prestar o servizo de acordo cos termos dispostos no contrato con continuidade e regularidade.
2. Facer un bo uso das instalacións e mobiliario e mantelos en bo estado, así como as zonas verdes da parcela.
3. A elaboración das comidas realizarase na cociña da escola infantil, estando prohibido o servizo de catering, agás nalgunha situación puntual por razóns de emerxencia; neste caso deberá estar autorizado polo concello de Santiago. Co fin de garantir a seguridade alimentaria no funcionamento do comedor, a empresa adxudicataria deberá contar cun plan de análise de perigos e puntos de control crítico de conformidade coa lexislación vixente.
4. Levar un inventario dos bens mobles, xogos, xoguetes, electrodomésticos, equipos informáticos e reprográficos, maquinaria, etc., do servizo, con expresión das súas características, foto, marca e modelo, valoración e estado de conservación (deberá conservar as facturas de gasto realizadas). As altas e baixas do inventario realizaranse de acordo co modelo facilitado polo Departamento de Educación e deberá contar coa autorización previa deste.
5. Facer unha enquisa anual aos usuarios para a avaliación do Servizo.
6. Actuar en todo momento de acordo coas indicacións e as observacións do Departamento de Educación do Concello sobre o funcionamento do servizo.
7. O adxudicatario permitirá e facilitará as inspeccións que dos traballos, materiais e equipos se dispoñan por parte do Concello. O persoal do departamento de Educación do concello de Santiago poderá acceder en todo momento ás instalacións da escola, sen necesidade de aviso previo á adxudicataria, aos efectos que considere oportunos. A tal efecto deberá facilitarlle unha copia da chaves da escola e da clave da alarma.
8. A empresa informará ao Concello sobre a prestación do servizo. A tal obxecto atenderá satisfactoriamente todas as demandas de información que aquel lle formule.
9. O adxudicatario, ao mesmo tempo que xestiona as matrículas, informará ás familias sobre as tarifas dos servizos, recollerá os datos necesarios e presentará ao Concello, no prazo e no formato que se indique, un ficheiro informatizado cos datos dos usuarios dos servizos e as tarifas que se deberán aplicar segundo o uso dos servizos.
10. A entidade adxudicataria asumirá a xestión do cobro das cantidades que lles corresponda pagar ás familias usuarias do servizo. A tal efecto contará cunha conta específica restrixida aos efectos de ingresos. Para o non establecido neste prego a empresa estará ao que determinen os servizos económicos do Concello.
11. O servizo poderá ser obxecto de auditorías externas en calquera momento, polo que o adxudicatario someterase a elas e facilitará toda a documentación e información que se requira ao respecto.

12. Responsabilizarse do trato correcto aos usuarios por parte do seu persoal.
13. Deberá contar cun libro-rexistro de reclamacións, en todo momento, a disposición dos usuarios. O adxudicatario deberá entregar ao Departamento de Educación do Concello de Santiago, no mesmo día ou no seguinte día hábil en que se produza algunha reclamación, o libro-rexistro de reclamacións e denuncias onde se rexistrarán todas as presentadas.
14. Unha vez cumprida a prestación contractual, toda a documentación administrativa e de xestión xerada durante a duración do contrato deberá se entregada ao concello perfectamente ordenada e clasificada por conceptos de xestión e de anualización.
15. Velar polo control de entradas e saídas das persoas nas instalacións.
16. Tramitar ao seu cargo todas as licenzas, autorizacións e legalizacións que esixa o cumprimento do obxecto do contrato e a normativa vixente para este tipo de centros.
17. Asistencia ás revisións periódicas e aos traballos de mantemento (comprende a atención e acompañamento ás persoas que realicen os traballos de mantemento na escola). Deberá levar unha ficha de control das empresas, persoas que realizan ditos traballos de mantemento, datas de realización, obxecto da intervención,...tanto as que sexan encargados pola propia empresa como aquelas que o concello contrate.
18. Notificar ao Concello a relación de danos e actuacións de mantemento a realizar de forma programada e calquera urxencia no momento no que se produza.
19. Sufragar os seguintes gastos de funcionamento:
  - Os que orixine a contratación do persoal necesario para a correcta xestión dos servizos educativos obxecto deste contrato e a súa correspondente formación.
  - Os correspondentes ao servizo de comedor con cociña propia. Inclúe os alimentos e o persoal de cociña.
  - Os da limpeza diaria de todas as dependencias do edificio tanto interior como exterior e do mobiliario e material didáctico, así como o servizo de lavandería da roupa de descanso (fundas de colchón, roupa do fogar, ...). Inclúe os cristais, as lámpadas, os estores, cortinas, as limpeza xerais a fondo e de reixas de desaugadoiro exterior. Inclúe persoal, utensilios e produtos de limpeza. A periodicidade será a necesaria para manter os espazos en condicións óptimas. Este servizo pódese prestar o adxudicatario directamente ou subcontratado, co visto e prace previo do Concello.

A empresa adxudicataria deberá manter en perfecto estado e limpas tanto as instalacións, como todo o material, mobiliario e demais elementos recollidos no inventario. Deberá realizar unha limpeza xeral a fondo antes do comezo de cada curso escolar.

- Os do material funxible escolar e material didáctico inventariable para o servizo.
- Os de mantemento e reposición do mobiliario, equipamento e material inventariable educativo e de enxoval de cociña, comedor e de lavandería, así como o material de vestiario, botiquín, material de oficina e outro material propio do servizo de Escola infantil.
- Respecto da maquinaria afecta ao servizo deberá contratar un servizo de mantemento que garantice o funcionamento axeitado da maquinaria e a súa entrega á finalización do contrato en axeitadas condicións de uso (fotocopiadora, electrodomésticos da cociña industrial, instalacións e equipamentos de calefacción e auga quente sanitaria, material informático, etc).
- Os gastos derivados da subministración eléctrica, telefónica, Internet, de auga e de gas/gasoil.
- Os contratos de mantemento dos extintores, das bocas de incendio, das alarmas de roubo e antiincendio e a conexión á central receptora.
- Os gastos derivados dos tratamentos de: desinsectación, desinfección e desratización (DDD) e tamén de antiexionela.



- Os correspondentes ás actividades complementarias e extraescolares (saídas, excursións, etc.).
- Todos os outros gastos necesarios para o funcionamento ordinario do servizo que non correspondan ao Concello.
- Contratar todas as pólizas de seguros correspondentes, nas condicións e coberturas necesarias para cubrir plena e totalmente calquera contingencia que se poidera dar durante a vixencia do contrato (do edificio, de responsabilidade civil, de accidentes dos traballadores e dos usuarios e calquera outro que fose necesario para o funcionamento deste servizo). O concello será o beneficiario do seguro do continente e contido do edificio.
- O adxudicatario deberá entregar no Rexistro Xeral do concello, un disco externo con copia de toda a documentación administrativa da xestión realizada durante a vixencia do contrato.
- O adxudicatario deberá achegar ao concello de Santiago toda a documentación e información que se lle requira para manter actualizado o Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, incluso cando teña rematado a prestación do servizo porque se requiren datos referentes ao período no que eran os adxudicatarios da concesión.

20.- Coñecer e cumprir todas as condicións e requisitos establecidos no regulamento regulador do servizo, na memoria xustificativa, no Prego de condicións e no Regulamento de Réxime Interno.

21.- Cumprir en todo momento a normativa vixente en materia laboral, social e tributaria.

22.- O adxudicatario deberá garantir en todo momento o nivel axeitado de resultados e de calidade do servizo.

Todas as obrigas contidas neste PPT deberán realizarse de oficio pola empresa, sen que sexa necesario ningún tipo de requirimento polo concello.

## **8.- CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DO SERVIZO POLO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN**

O Concello de Santiago de Compostela realizará, a través do Departamento de Educación, o seguimento do contrato, solicitando á empresa adxudicataria cantos documentos e informes resulten necesarios para o control de materiais, profesorado, alumnado, horario e servizos que deberán axustarse á oferta e ao indicado no contrato e neste prego de condicións.

A empresa terá que prestar o servizo de acordo co proxecto educativo que finalmente se aprobe.

O servizo, en todas as súas manifestacións, orais e escritas, educativas, de coidado, de xestión, de información, entre outras, terá que prestarse en lingua galega.

A empresa adxudicataria deberá presentar anualmente unha memoria de actividades, gastos e ingresos, así como a programación do curso seguinte e calquera outro documento que se solicite para a actualización do proxecto educativo e de xestión do centro.

O adxudicatario comprométese a informar ao Concello sobre a prestación do servizo, atendendo satisfactoriamente ás demandas de información que se lle formulen.

*Coordinación de xestión do servizo.*

A empresa designará un representante (á marxe do persoal adscrito a este contrato) que será a persoa responsable da coordinación xeral do servizo, do seguimento do funcionamento e de responder diante de calquera incidencia en relación ao desenvolvemento do contrato.

A coordinación para revisar o funcionamento global do servizo, a distribución de recursos e valorar o estado de execución realizarase co concelleiro delegado ou coa persoa en quen delegue. Estas reunións poderán



efectuarse no concello de Santiago ou no propio centro para facilitar un maior coñecemento das instalacións, ambiente e clima laboral, etc.

Para facer efectivo este seguimento a entidade adxudicataria:

- Elaborará un informe trimestral de actividades realizadas, altas e baixas do alumnado e cambios do persoal que se produciron, de ser o caso.
- Presentará anualmente, nos prazos que se establecen, a seguinte documentación e a que o Concello lle esixa:
  - a) Na última quincena de xuño, salvo indicación en contra do Concello:

Petición de actuacións de melloras no edificio, de instalacións e de espazos exteriores que sexan obriga do concello e aquelas outras de mantemento e conservación que a empresa teña previsto realizar durante o verán.
  - b) Antes de finalizar o primeiro trimestre de cada ano, salvo indicación en contra, a empresa entregará:
    - A relación de ingresos e gastos, segundo o modelo facilitado polo Departamento de Educación.
    - Cadro de persoal con custes do ano anterior.
    - Número de alumnos/as e unidades en funcionamento.
    - Todos os datos necesarios para a xustificación das diferentes subvencións e/ou Convenios que teña concedidos e/ ou asinados o concello de Santiago.
  - c) Unha vez finalizado o proceso de matriculación, deberá entregar:
    - . A relación de alumnado matriculado por niveis, co domicilio familiar, teléfonos e correos electrónicos.
    - . Relación de profesorado coas titulacións correspondentes prevista para o curso seguinte.
  - d) Antes do 15 de setembro, entregará:
    - . O Plan Anual de Centro.
    - . A Memoria de xestión e actividades realizadas durante o curso anterior.
    - . O Inventario de bens actualizado, de acordo co modelo facilitado polo Departamento de Educación.

#### *Coordinación técnica do servizo.*

O/a Director/a do centro reunirse co persoal técnico do Departamento de Educación do Concello para facer o seguimento do centro, co fin de revisar a distribución de recursos, o funcionamento ordinario do servizo e o nivel de incidencias que se poideran dar, coa periodicidade que se lle comunique.

Establecerase un calendario anual de reunións de coordinación do servizo, para o que o Departamento de Educación enviará a correspondente convocatoria.

## **9.- ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN**

As ofertas incluirán:

- Un **Proxecto educativo e de xestión**, a incluír no sobre número 2, que se presentará obrigatoriamente coa seguinte estrutura e epígrafes:

### I. Análise do contexto.

#### a. Características do centro.

Titularidade e financiamento.
Número de unidades.
Situación xeográfica.
Descrición breve das instalacións.
Servizos que se ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos.
Proxección social do centro na zona.
Recursos e materiais.
Calendario e organización do horario.

#### b. Características do alumnado.

Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos.
Tipo de relacións entre o alumnado.
Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta.
Procedementos de información ás familias.

#### c. Características do persoal que traballará no centro.

Número e funcións.
Formación e mecanismos de formación do persoal.
Metoloxía de traballo, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal.

#### d. Características da contorna

Situación.
Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas.
Lingua de uso.
Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas.
Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros.
Como traballan cos nenos e coas nenas o coñecemento da contorna social e natural.

### II. Definición da escola.

Aconfesionalidade da escola.
Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística.

Liña metodolóxica e criterios de avaliación.
Coeducación: a educación para a igualdade de xénero, non discriminacións por razóns de raza, sexo e relixións,...
Relación e colaboración coas familias.

### III. Obxectivos.

Pedagóxicos.
Administrativos.
Organizativos.
Institucionais.
Lingüísticos.

### IV. Estrutura organizativa.

Organización do centro para o logro dos obxectivos.

Órganos unipersoais e colexiados.
Asignación de educadores aos grupos.
Número de educadores por grupo.
A dimensión do grupo.
A composición do grupo.
A titoría na escola infantil.
A utilización dos espazos escolares.
O equipamento e os recursos necesarios para a execución da oferta presentada.

